

V SEMINARIO

GALEGO PARTICIPACIÓN E CIDADANÍA INCLUSIVA

Xornada de formación e participación de persoas en risco de pobreza ou exclusión

A nós non nos exclúe ninguén!

Edificio CERSIA. San Lázaro • Santiago de Compostela 10 de maio de 2014

No comezo da campaña electoral para as Eleccións ao Parlamento Europeo do 25 de maio, o V Encontro Galego de Participación e Cidadanía Inclusiva quere ser un espazo para capacitar para a participación e para reforzar o empoderamento e a supervivencia persoal e política dos seus participantes.

De defensa e reclamación dos nosos dereitos sociais e dunha efectiva participación social e política pero tamén de aprendizaxe para apoiar as nosas capacidades e iniciativas para facer fronte as dificultades e para sobrevivir no día a día.

ESTRATEGIAS DE SUPERVIVENCIA (POLÍTICA E PERSOAL)

Traballaremos sobre **dous eixes de reflexión e traballo**.

PARTICIPAMOS EN POLÍTICA

A pesares da elevada influencia que teñen as políticas e decisións da Unión Europea nas nosas vidas e de seren imprescindibles para a loita contra a pobreza e a exclusión social, nas vindeiras eleccións ao Parlamento Europeo é previsible unha elevada abstención.

Esta abstención será moi superior entre as persoas que padecen pobreza ou exclusión social. A súa opinión non conta, como sempre. Abstención política e exclusión social soen ir unidas.

1. Que é para min a participación política? Protesta e/ou proposta?
2. Como a levo a cabo? Voto logo existo?
3. Que dificultades atopo para non participar?
4. Que propoño para aumentar a miña participación?

ESTRATEGIAS DE SUPERVIVENCIA PERSOAL

Mentres seguimos reclamando dereitos sociais e políticos, temos que sobrevivir no día a día.

Por en valor os recursos persoais e do fogar das persoas participantes, así como coñecer prácticas viables, sostibles e sobre todo transferibles que poidan ser de axuda para os participantes.

1. Iniciativas de supervivencia. Propostas centradas de empoderamento e contra asistencialismo.
2. Propostas para ONG.
3. Propostas para políticos.

Sábado 10 de maio

10:00 RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES E PRESENTACIÓN DO ENCONTRO, EAPN-GALICIA

10.30 INAUGURACIÓN. Votar contra a pobreza e a exclusión. Eleccións ao Parlamento Europeo. SERGIO AIRES (presidente EAPN Europa).

10:45 DIÁLOGO:
Motivando para a supervivencia e a participación política e persoal.
LUIS BARREIRO (profesor USC)
ESTHER LORA. Oficina Dereitos Sociais ODS Coia.

12:00 GRUPOS DE TRABALLO. PARTICIPAMOS EN POLÍTICA

13:00 VIDEOCALL E PHOTOCALL "A MIN NON ME EXCLÚE NINGUÉN"

14:00 XANTAR COMPARTIDO

15:15 Grupos de traballo. ESTRATEGIAS DE SUPERVIVENCIA PERSOAL

16:30 Conclusións Grupos. Participamos en política.

17:00 DEBATE ELECTORAL
Como pensan loitar contra a pobreza e a exclusión dende o Parlamento Europeo?

MODERA: MARGA PAZOS. Telexornal Mediodía. TVG

18:30 CONCLUSIÓN E CLAUSURA ENCONTRO
SABRINA MOLINOS. Coordinadora do Grupo de Participación EAPN-Galicia.

ELECCIÓN DE LÍDERES PARA UNA
EUROPA SOCIAL
LIBRE DE POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL Y DESIGUALDADES

EAPN - REDE GALEGA DE LOITA CONTRA A POBREZA www.eapn-galicia.com • www.eapn.es/elecciones europeas 2014

Organiza:



Subvenciona:



Colabora:

